



novas da Cámara Ourense



Actividade cameral no mes de outubro

- **Día 16:** Dan comezo as accións formativas sobre implantación da norma de calidade para o comercio no marco da acción "O cliente misterioso".
- **Do 16 ao 21:** Misión comercial plurisectorial a Suíza, no marco do Plan de Fomento das Exportacións de Galicia.
- **Día 18:** Presentación do Programa EM+SOS (Empresa máis sostible) promovido pola Cámara de Ourense e cofinanciado pola Fundación Biodiversidad.
- **Día 23:** Comeza a acción formativa "¿Cómo vender despois das rebaixas?".
- **Día 25:** Inicio do Curso "Elaboración de Nóminas e Seguridade Social".
- **Do 24 ao 30:** Misión inversa de touroperadores de Chile no ámbito do Turismo de Saúde, incluído no Plan Foexga, coincidindo coa feira internacional "Termatalia".

O cliente misterioso

Está demostrado que os clientes valoran como determinante a calidade de servizo que perciben nos seus establecementos habituais, levándoos incluso a pagar un prezo máis elevado, se a atención recibida satsface as súas expectativas.

Para contribuir a sensibilizar o comercio minorista sobre este condicionante do consumo, a Cámara de Ourense pon en marcha a acción do "Cliente Misterioso". Esta iniciativa comprende unha auditoría consistente nunha visita na que o auditor actúa como cliente do establecemento para detectar, no proceso de compra ou devolución, os posibles puntos débiles.

A continuación, o comerciante disporá dun informe no que

A inscrición no programa de Promecor esténdese a todo o mes de outubro. As demais imaxes desta páxina corresponden ao stand co que a empresa ourensana MRF participou na IAA de Hannover, a unha xornada sobre franquicias na Cámara e a compras no recente período de rebaixas.

Promecor amplía o prazo de inscrición

A Cámara de Comercio de Ourense ampliou o prazo para a adhesión de establecementos comerciais minoristas ó Programa de Mellora e Modernización do Comercio (Promecor), ó longo deste mes de outubro.

Despois da primeira fase de exposición, un 40 por cento das empresas necesarias para cumprir os obxectivos de realización do proxecto mostraron interese en participar no mesmo. Por este motivo o Departamento de Comercio Interior da Cámara iniciará nas próximas semanas accións personalizadas para ampliar a información sobre Promecor.

O 80 por cento dos establecementos que solicitaron a adhesión proceden das comarcas de Verín, O Carballiño e Valdeorras, e o resto da capital ourensá. Se ben o área que máis destaca nesta aposta pola búsqueda de maior rendibilidade para o seu negocio é a verinense.

Entre os subsectores que máis apostan por buscar os puntos de mellora para os seus establecementos encóntrase en primeiro

datos da acción

■ datos e lugares de celebración

R/Irmáns Moreno nº1-1º	16-20 outubro
Cámara de Ourense Avda. Habana, 30 Bis	23-27 outubro
R/Carlos Velo, 2-1º	23-27 outubro

■ horario

De 20:30 horas a 22:30 horas

lugar o téxtil, seguido polo da distribución de electrodomésticos e polo de zapaterías. Outros comercios que manifestaron a súa predisposición para inscribirse no programa de mellora e modernización pertencen ó ámbito da alimentación, decoración ou agasallos, entre outros.



se detallan as recomendacións para incrementar a calidade do servizo.

Outro apartado é o "Curso sobre Implantación da Norma de Calidade para o Comercio", que lle permitirá aos responsables dos establecementos a iniciación nesta normativa para unha posible certificación.

As accións formativas desenvolveranse nas datas e lugares que figuran no cuadro adxunto, en todo caso coa cofinanciación da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia:

A internacionalización na automoción

A visita á feira especializada en vehículos comerciais máis importante do mundo contou con dez empresas galegas das cales oito son as ourensás Digal, Frigorent, Dasán, Mad Carroceros, Basculantes Baycar, Carrocérias Ourense, UNVI e Mecanizados Rodríguez Fernández (MRF). Esta última participou como expositora nesta 61ª edición da IAA Commercial Vehicles, que tivo lugar en Hannover do 21 ó 24 de setembro. Na misión comercial organizada pola Cámara de Ourense, a través do FOEXGA, tamén participaron Carrocérias Dafer e Cablerías Conductoras, ámbalas dúas firmas afincadas en Vigo. O recinto feiral de Hannover (Messegelände), acolleu máis de 1.300 expositores, dos cales a metade procedían de fora de Alemaña, e foi visitado por 250.000 persoas.